

***Checklist* para
empreendedores dixitais:
mellora o teu negocio e
consigue resultados**

ANXO
SÁNCHEZ

Índice

Introdución.....4

Preparación do negocio 5

Deseño web básico 7

Redes sociais.....9

Estratexia SEO básico.....11

Branding e Copywriting básico.....13

Táboa de puntuacións 15



Ola!

Antes de comezar, douche os meus parabéns.

Parabéns por ter en mente construír un negocio *online* de éxito.

E tamén por ter a vontade de mellorar esa visibilidade en Internet que se che resiste.

Se nalgún intre tes problemas para seguir esta *checklist*, non entendes algo ou tes dúbidas, non teñas medo e fárame en **info@medra.gal**

Agora si, comezamos!

Introdución

No mundo do márketing dixital e os negocios online, a clave do éxito radica nunha estratexia ben definida e na execución eficaz de diversas técnicas.

Para axudarche a avaliar e mellorar a túa presenza online, desenvolvín esta checklist que aborda cinco áreas fundamentais: preparación do negocio, deseño web, redes sociais, estratexia SEO e Branding e Copywriting.

O obxectivo desta checklist é proporcionarche unha guía práctica e concisa para revisar os aspectos máis importantes do teu negocio online e identificar áreas de mellora.

Cada sección inclúe dez puntos clave que deberías considerar e implementar para fortalecer a túa presenza en Internet e impulsar o éxito do teu negocio.

Non só se trata de implementar estas recomendacións unha vez, senón tamén de manter unha actitude de revisión e adaptación constante.

Para facelo máis interactivo, cada check ten unha puntuación entre 0 e 3, dependendo da súa dificultade e importancia. Ao final de cada capítulo, poderás sumar os puntos para ver en que nivel te atopas.

Aproveita para traballar nos teus puntos débiles e mellorar o teu negocio. Estarás preparado para comezar con forza e aumentar as túas vendas.

Preparación do negocio

- ✓ **Tes definido o teu cliente ideal? (3 puntos).**
Definiches claramente quen é o teu cliente obxectivo.
- ✓ **Segmentaches o teu público? (3 puntos).**
Dividiches o teu público en segmentos específicos.
- ✓ **Tes un nome de dominio profesional rexistrado? (1 punto).**
Comprobaches que o teu dominio representa ben o teu negocio.
- ✓ **Tes un aloxamento web fiable? (2 puntos).**
Asegurácheste de que o teu sitio web está sempre dispoñible e ten unha conexión segura.
- ✓ **Tes unha proposta de valor clara? (3 puntos).**
Formulaches unha proposta de valor que destaque a solución que achegas no mercado.
- ✓ **Tes definido un plan de negocio básico? (3 puntos).**
Elaboraches un plan de acción para os primeiros pasos do teu negocio.

- ✓ **Utilizas correos electrónicos profesionais? (1 punto).**
Empregas unha conta de correo co teu dominio, é dicir, un *email* corporativo.
- ✓ **Tes claras as túas metas a curto prazo? (2 puntos).**
Estableciches obxectivos específicos para os próximos meses.
- ✓ **Tes establecidas formas de contacto claras? (1 punto).**
Facilitaches o xeito de que os teus clientes che contacten.
- ✓ **Tes en mente unha estratexia para fidelizar clientes? (1 punto).**
Desenvolviches un plan para manter aos teus clientes satisfeitos.

Puntuación acadada

Deseño web básico

- ✓ **Tes unha páxina web funcional? (2 puntos).**
Asegurácheste de que o teu sitio web está operativo e é accesible.
- ✓ **Tes un deseño profesional e atractivo? (3 puntos).**
Usaches un tema ou modelo adaptado a ti e ao que queres transmitir.
- ✓ **Os teus contidos son fáciles de ler? (2 puntos).**
Fixeches que o texto da túa web sexa claro e lexible.
- ✓ **Tes imaxes de boa calidade no teu sitio web? (2 puntos).**
Empregaches imaxes de alta calidade que non estean pixeladas.
- ✓ **Tes unha chamada á acción visible? (3 puntos).**
Colocaches botóns ou ligazóns que incentiven aos usuarios a actuar.
- ✓ **O teu sitio web é compatible con dispositivos móbiles? (3 puntos).**
Asegurácheste de que a túa web carga correctamente en móbiles e tabletas.
- ✓ **Tes unha páxina de contacto clara? (1 puntos).**
Revisaches que os usuarios poidan contactarche facilmente desde a túa web.

- ✓ **Tes unha páxina “Sobre min” que conte a túa historia? (1 punto).**
Incluíches información sobre ti, a túa empresa e o teu equipo.
- ✓ **O teu sitio web carga rápido? (3 puntos).**
Asegurácheste de que as páxinas do teu sitio non tardan en cargar máis de 3 segundos.
- ✓ **Tes ligazóns ás túas redes sociais no teu sitio web? (0 puntos).**
Facilitaches o acceso ás túas redes sociais desde o teu sitio web. Ollo!
Poño 0 puntos porque eu non considero que isto unha boa práctica.

Puntuación acadada

Redes sociais

- ✓ **Tes presenza nas principais redes sociais? (3 puntos).**
Creaches contas activas en Facebook, Instagram, LinkedIn etc.
- ✓ **Publicas contido de forma regular? (2 puntos).**
Mantés un calendario de publicacións constante e analizaches as mellores horas para facelo.
- ✓ **Tes identificadas as redes sociais onde está o teu cliente? (3 puntos).**
Sabes en que redes sociais se atopa o teu público obxectivo.
- ✓ **Interactúas co teu público nas redes sociais? (2 puntos).**
Respondiches a comentarios e mensaxes dos teus seguidores.
- ✓ **Tes perfís completos e atractivos? (2 puntos).**
Asegurácheste de que as biografías e información de contacto están actualizadas.
- ✓ **Usas contido multimedia (vídeos, imaxes)? (2 puntos).**
Usaches vídeos e imaxes atractivas, non só texto.
- ✓ **Realizas promocións ou campañas pagadas? (2 puntos).**
Investiches en publicidade para aumentar a túa visibilidade.

- ✓ **Analizas o rendemento das túas publicacións? (2 puntos).**
Revisaches estatísticas para entender que funciona mellor.
- ✓ **Tes colaborado con *influencers* ou outros negocios? (1 punto).**
Fixeches colaboracións para ampliar a túa audiencia.
- ✓ **Realizas sorteos ou concursos? (1 puntos).**
Organizaches eventos para aumentar o *engagement*.

Puntuación acadada

Estratexia SEO básico

- ✓ **Tes identificado palabras clave para o teu negocio? (3 puntos).**
Utilizaches palabras clave relevantes nos teus contidos.
- ✓ **Tes optimizadas as túas páxinas con metatítulos e descrições? (2 puntos).**
Engadiches metatítulos e descrições optimizadas a cada páxina.
- ✓ **Tes contido de calidade no teu blog? (3 puntos).**
Publicaches artigos útiles e interesantes para os teus visitantes.
- ✓ **Tes ligazóns internas e externas nos teus artigos? (2 puntos).**
Incluíches ligazóns que melloran a navegación e a relevancia do teu contido.
- ✓ **Usas etiquetas ALT nas imaxes? (2 puntos).**
Engadiches etiquetas ALT descritivas a todas as imaxes.
- ✓ **Tes configurado Google Analytics? (2 puntos).**
Monitorizaches o tráfico do teu sitio con Google Analytics.
- ✓ **Tes revisado a velocidade do teu sitio? (2 puntos).**
Asegúracheste de que o teu sitio carga rápido.

- ✓ **Tes configurado Google Search Console? (2 puntos).**
Utilizaches esta ferramenta para analizar o rendemento de busca.
- ✓ **Actualizas regularmente o contido do teu sitio? (1 punto).**
Mantés o contido fresco e actualizado.
- ✓ **Tes optimizado as buscas locais? (1 punto).**
Melloraches a visibilidade para usuarios da túa área xeográfica.

Puntuación acadada

Branding e Copywriting básico

- ✓ **Tes unha identidade de marca definida? (3 puntos).**
Asegurácheste de que a túa marca ten unha imaxe e mensaxe clara.
- ✓ **Tes un logotipo profesional? (2 puntos).**
Utilizaches un logotipo que represente ben a túa marca.
- ✓ **Usas unha paleta de cores consistente? (2 puntos).**
Mantiveches a coherencia nas cores en todos os materiais, ligazóns, publicacións, fondos etc.
- ✓ **Tes un ton de voz definido para a túa comunicación? (3 puntos).**
Estableciches un estilo recoñecible na túa comunicación.
- ✓ **Tes descrições de produtos claras e atractivas? (2 puntos).**
Redactaches descrições comprensibles e rechamantes.
- ✓ **Escribes contido acotío no teu blog? (2 puntos).**
Mantés o teu blog activo con contido relevante.
- ✓ **Tes unha estratexia de contidos clara? (2 puntos).**
Desenvolviches un plan para os diferentes tipos de contido.

✓ **Tes optimizadas as túas *landing pages*? (2 puntos).**

Deseñaches as túas páxinas de destino para converter visitantes en clientes.

✓ **Realizas probas A/B nas túas campañas? (1 puntos).**

Experimentaches para mellorar os teus resultados.

✓ **Tes unha guía de estilo para a túa marca? (1 punto).**

Mantés a coherencia en todos os contidos coa guía de estilo.

Puntuación acadada

Táboa de puntuacións

- ✓ **0 a 20 puntos:** hai que fincar os cóbados na mesa para mellorar. Centra os teus esforzos nas áreas máis críticas para obter resultados máis rápidos.
- ✓ **21 a 40 puntos:** bo comezo, pero aínda queda traballo por facer. Revisa as áreas de mellora e establece un plan de acción.
- ✓ **41 a 60 puntos:** vas polo bo camiño. Segue traballando nas áreas clave para optimizar o teu negocio.
- ✓ **61 a 80 puntos:** excelente progreso. Mantén o bo traballo e afina os detalles para acadar a excelencia.
- ✓ **81 a 100 puntos:** parabéns! Tes un negocio *online* ben optimizado. Sigue así para manter o teu éxito.

Puntuación total

ANXO
SÁNCHEZ